



# CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro s/n (2º andar) · CP 15320 · Telf. 981441008 · REL 01150709 · CIF P1507100D

### RESUMO DAS BASES PARA A INSCRIPCIÓN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO “CAMPAMENTO URBÁN DE VERÁN 2024”

Convocatoria de prazo para a inscrición ao “Campamento Urbano de verán 2024”, para a realización de actividades lúdico-educativas dirixidas ás crianzas do Concello das Pontes, durante os períodos de vacacións que permitan ás familias a conciliación e a súa promoción social e laboral.

A actividade vaise desenvolver durante as seguintes datas: **do 24 ao 28 de xuño, xullo, agosto e do 2 ao 6 de setembro.**

A actividade vai dirixida aos nenos e nenas nados entre **2.012 e 2.020** do Concello das Pontes.

Número de prazas: **meses de xuño e setembro, 30 prazas e meses de xullo e agosto, 70 prazas.**

Lugar de realización: centro educativo da vila.

O **modelo de inscrición** pode recollerse no departamento de Servizos Sociais 2º Andar (Casa Dopeso) e o **lugar de inscrición** será no **Registro Municipal do Concello**, desde o **6 ao 29 de maio de 2024**, en horario de **8:30 a 13:30 h**, **previa cita en rexistro chamando ao : 667 12 93 89-667 12 93 80 ou** a través da sede electrónica: <https://sede.aspontes.org/sxc/es/> desde o **6 de maio ás 00.00 h** ata o **29 de maio ás 14.00 horas.**

### ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E CRITERIOS DE ADMISIÓN.

A adxudicación realizarase da seguinte forma:

1.) Adxudicación directa: Se as solicitudes non superan o número de prazas ofertadas.

2.) No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas ofertadas aplicaranse os criterios establecidos nestas bases.

Primeiro darase prioridade ás familias cuxa unidade familiar teña ingresos non superiores a 6,5 veces o IPREM 2024, límite que se incrementa nun 15% máis cando se trate de familias monomarentais/monoparentais ou familias numerosas.

Se non se cubren todas as prazas aplicando a prioridade do criterio económico, cubriranse con aquelas familias que non cumpran o criterio descrito da renda, previa valoración de criterios anteriores.

Unha vez cumprido o requisito de renda, terase en conta os criterios de valoración seguintes:

Criterios xerais	Puntuación
Familias nas que traballen os dous proxenitores ou titores/as	10
Familia monoparental/monomarental traballando.	10
Familias nas que só unha das persoas proxenitoras está en situación laboral activa.	3
Familia monoparental/monomarental que non se atopen en situación laboral activa.	3
Familias que soliciten praza para máis dun/dunha menor.	1 (por cada menor)
Familias que soliciten os meses de xullo ou agosto completo.	2
Familias que soliciten nos meses de xullo ou agosto unha quincena.	1

Criterios de carácter social	Puntuación
Familia numerosa categoría xeral	2
Familia numerosa categoría especial	3
No suposto que a nai/titora, pai/titor ou representante legal da persoa menor sexa coidador/a non profesional dunha persoa en situación de dependencia (Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a Persoas en Situación de Dependencia e sucesivas modificacións)	2
Por cada persoa con discapacidade na unidade de convivencia	1
Renda da unidade familiar inferior ao 2,5 IPREM 2024	2
Renda da unidade familiar entre 2,5 e 6,5 IPREM 2024	1
Vítimas de violencia de xénero	3

### Para a xustificación destas situacións requírese a seguinte documentación:

- Certificado de empadramento da unidade familiar (só no caso de non autorizar a consulta na solicitude)
- Fotocopia do DNI da/s persoa/s solicitante/s e menores, en caso de ser o primeiro ano de inscrición.
- Fotocopia do Libro de Familia (só no caso de ser o primeiro ano de inscrición).
- Declaración da Renda do 2022 ou xustificante de non ter a obriga de facela. (En caso de non tela entregado nas convocatorias de Nadal 2023\_2024 ou Semana Santa 2024).
- Certificados de empresa conforme se está traballando e non en período de vacacións. **Dito documento deberá especificar que nas datas que solicita o campamento non ten programadas as vacacións (De non vir especificado será excluída a solicitude da baremación).** Para as persoas que traballen por conta propia, entregarase fotocopia do último recibo de autónomos.
- Certificado de familia monoparental/monoparental, de ser o caso.
- Resolución do Programa de Atención (PIA) onde se recoñeza a libranza para coidados no contorno familiar por coidador non profesional, para situacións de dependencia.
- Documentación acreditativa de asistir a formación ou situación similar
- Calquera outra documentación que se requira para xustificar as diferentes situacións baremables no apartado 5 de criterios de valoración.

### MOTIVOS DE BAIXA DA ACTIVIDADE.

Causarase baixa automática no servizo, por calquera das circunstancias seguintes:

- Por solicitude propia.
- Por comprobación de falsidade na documentación ou datos achegados.
- Por compatibilizar o campamento con outra actividade externa, no mesmo horario.
- Por falta de asistencia continuada durante máis de tres días sen causa xustificada.
- Por incumprimento reiterado das normas por parte do/a menor e da familia.

As baixas producidas por calquera dos motivos expostos cubriranse coas solicitudes da lista de agarda.

A baixa na actividade non dará lugar á devolución da cota de inscrición ou no seu defecto da parte proporcional correspondente.

### COTA DE INSCRIPCIÓN.

Establécese a seguinte **cota de inscrición:**

**10 €/mes por inscrición, nos meses de xuño e setembro.**

**40 €/mes por inscrición, nos meses de xullo e agosto.**

**40 €/quincena por inscrición, nos meses de xullo e agosto.**

*(Ordenanza n.º 11. Taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas, socioculturais e de lecer)*



**CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER**  
**CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**  
Rúa Rosalía de Castro s/n (2º andar) · CP 15320 · Telf. 981441008 · REL 01150709 · CIF P1507100D

**BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN**  
**“CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN 2024”**

NOME DO/A MENOR: \_\_\_\_\_ DNI: \_\_\_\_\_

IDADE: \_\_\_\_\_ ANO DE NACEMENTO: \_\_\_\_\_

NOME DO/A PROXENITOR/A: \_\_\_\_\_ DNI: \_\_\_\_\_

NOME DO/A OUTRO/A PROXENITOR/A: \_\_\_\_\_ DNI: \_\_\_\_\_

DIRECCIÓN: \_\_\_\_\_

CONCELLO: \_\_\_\_\_

TELÉFONOS : \_\_\_\_\_

CORREO ELECTRÓNICO (En maiúsculas): \_\_\_\_\_

INDICAR TODO TIPO DE ALERXIAS:	_____
TOMA MEDICACIÓN:	SI: ____ NON: ____
NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS:	SI: ____ NON: ____
AUTORIZA FOTOS E GRAVACIÓNS:	SI: ____ NON: ____
AUTORIZA A COMPROBACIÓN DO EMPADROAMENTO DE OFICIO:	SI: ____ NON: ____

**SINALA O HORARIO NO QUE TE INSCRIBES (É importante na opción A sinalar Si ou NON para almorzo). En caso de solicitar a opción B, so hai que marcar a columna B.**

MES	OPCIÓN A: 8:00 A 14:30 HORAS		OPCIÓN B: 10:00 A 14:30 HORAS
	ALMORZO		
	SI	NON	
XUÑO			
XULLO (Mes completo)			
XULLO (Do 1 ao 15)			
XULLO (Do 16 ao 31)			
AGOSTO (Mes completo)			
AGOSTO (Do 1 ao 15))			
AGOSTO (Do 16 ao 31)			
SETEMBRO			

Asdo. A persoa proxenitora.

Unha vez confirmada a concesión de praza, procederase ao ingreso da cota na conta de ABANCA: ES19-2080-0230-6931-1000-0012 ou ben no Servizo de Recadación do Concello sito na Avda Castelao nº 36, baixo.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informásemoslle que os datos de carácter persoal recollidos neste documento forman parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de As Pontes de García Rodríguez, cuxa finalidade é a realización deste trámite. Os datos utilizaranse para as xestións municipais derivadas de procedementos e consultas que vostede inicia con esta solicitude. Así mesmo, informásemoslle de que en calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello..



**CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER**  
**CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Rúa Rosalía de Castro s/n (2º andar) · CP 15320 · Telf. 981441008 · REL 01150709 · CIF P1507100D